




# PRAIA DO TRECE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6,5 km

Dificultade: media.

Duración: 2-3 horas (ida e volta)



Un tramo da Costa da Morte na ruta de Camariñas a Arou que conserva elementos de gran interese xeolóxico (coidos, praias, dunas remontantes e fixas, formacións rochosas) e ecolóxico (ecosistemas dunares e cantís).

Para gozar da paisaxe, da forza e da cor do mar, das múltiples manifestación do traballo do mar nas pedras, de praias case virxes e da maior concentración de camariñas de Galicia.

Ruta lineal con saída do Cimenterio dos Ingleses e remate no Cabo Veo. Pódese percorrer por sendeiros polas dunas ou pola praia e as rochas.  
Accesos: desde Camariñas por cabo Vilán, desde Arou, ou desde Santa Mariña.



Camariña (*Corema album*)



Coído da Punta do Boi



Praia do Trece



Punta do Veo